

## CONCELLO DE NARÓN

### AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

#### EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DENOMINADO:

#### **REGULAMENTO DE RÉXIME DE USO INTERNO DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN.**

OBJECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

#### NORMATIVA:

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma: **REGULAMENTO DE RÉXIME DE USO INTERNO DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN.**

Coa súa promulgación preténdese regular o funcionamento e servizo da Biblioteca Pública Municipal de Narón co obxecto de ofrecer á cidadanía unha información clara e precisa sobre ela, así como poñer en mans do persoal unha ferramenta coa que regular o exercicio das súas funcións e as relacións coas persoas usuarias.

A finalidade do Regulamento é pois desenvolver o establecido no art. 2.g da Lei 10/2007, de 22 de xuño, de lectura, do libro e das bibliotecas, que define a biblioteca como “a estrutura organizativa que, mediante os procesos e servicios tecnicamente apropiados, ten como misión facilitar o acceso en igualdade de oportunidades de toda a cidadanía a documentos publicados ou difundidos en calquera soporte.”

A biblioteca prestará os seus servicios conforme á Lei 5/2012, de 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia e a Lei 17/2006, de 27 de decembro, do Libro e a Lectura en Galicia.

O concepto de aprendizaxe permanente que se ten asentado como principio fundamental da cidadanía europea, a adaptabilidade a a empregabilidade xustifican o valor educativo intrínseco da experiencia de usar unha biblioteca. A biblioteca debe adaptarse a un século no que o desenvolvemento das novas tecnoloxías é fundamental, un lugar de toma de decisións para acercar a cultura dunha forma mais directa e participativa á cidadanía, e que debe estar á vangarda do coñecemento, reflectido no seu fondo bibliográfico.

Co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos dispostos na normativa aplicable e a calidade nos servicios prestados, estímase a aprobación desta norma como medio de regulación do servicio.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día 29 de xuño de 2018.